


4 Castro Alto da Medoña

Os primeiros habitantes de Saiáns están datados no século IX a.C, na Idade de Ferro. Residían no poboado localizado no Alto da Medoña, na Estea.

O recinto castrexo construíuse con terrazas de 130-160 m. e un foxo de protección duns 20 m. de ancho e 12 m. de profundidade. Ao chegar ao castro atoparedes máis detalles.





Con posterioridade no tempo, ao desaparecer o castro, na contorna do foxo construíuse unha mina de auga que o deformou parcialmente. Hoxe en día quedan o recordo e as fantásticas vistas da boca da Ría de Vigo, coas Illas Cíes presidíndoas. Por certo, 2 ou 3 illas?

5 Fraga Cal de Outeiro

Un dos recunchos máis engaiolantes do Concello de Vigo atópase nesta fraga: semella que nos transportamos no tempo. Nela mantense a flora e fauna propia dunha ribeira, preservando unha gran biodiversidade.

Tamén atopamos os muíños mellor conservados da zona, que lembran os quefaceres dos nosos antergos e toda a tradición cultural que neles se vivía.

A flora que se pode atopar vai dende árbores como amieiros, salgueiros, carballos, loureiros, abeleiras, pradairo, etc, a plantas como o fento real ou unha variedade de cogumelos propios de



tempada. A fauna, como cabe agardar, é moi variada tanto en mamíferos (teixugo, esquío ou raposa) como en aves (ferreiriños, miñatos, etc) ou anfíbios (ras, pínegas, lagartixas, cobras, etc) e insectos (cabalo do demo, tricópteros, vacalouras, etc). Evidentemente, a fauna está oculta cando pasamos e hai que respectar o seu hábitat.



Sendeiro Panorámico de Vigo (GR-53)



- ESPAZOS NATURAIS DE LECER DE VIGO
1. P.F. Saiáns
 2. P.F. San Miguel de Oia
 3. P.F. Couso
 4. P.F. San Andrés de Comesaña
 5. P.F. O Maruxeiro (Matamá)
 6. Monte dos Pinos (Valadarelos)
 7. Monte Alba - Cepado
 8. P.F. Chan Doural (Zamáns)
 9. P.F. Zamáns
 10. P.F. Beade
 11. A.R. Do Pouso (Bembribe)
 12. P.F. Bembribe
 13. P.F. Cotogrande (Cabral)
 14. A.R. Baladas (Cabral)
 15. P.F. Bandeira (Cabral)
 16. P.F. Traslador (Cambás)
 17. P.F. Madroa (Tea)

Ficha técnica:

Tipo de percorrido: **Circular**

Parroquias polas que transita: **Saiáns**

Distancia: **3,1km** | Altura: **124m –232m**

Pendente media: **12,8%, -12,5%**

Pendente máxima: **28,2%, -27,9%**

Dificultade: **baixa** | Accesibilidade: **só a pé**

Época recomendada: **primavera, outono**

Conexións: **GR-53**

Liñas de autobús: **12A (Meixoeiro –Saiáns)**

Contidos: **medioambientais, etnográficos, paisaxísticos**

M.I.D.E.

(*esixencias técnicas e físicas do percorrido. www.euromide.info*)

Medio natural: **non exento de risco** 1 2 3 4 5

Itinerario: **camiños e encrucilladas ben definidas** ... 1 2 3 4 5

Desprazamento: **camiños con distintos firmes** 1 2 3 4 5

Esfuerzo necesario: **entre 1 e 3 horas de marcha** 1 2 3 4 5

Recomendacións

Respectar o medio ambiente e o patrimonio:

- Garda o lixo ata chegar a unha papeleira
- Evita arrincar plantas e molestar á fauna
- Respecta os muíños, petroglifos e demais elementos do patrimonio arqueolóxico

Gozar do sendeirismo:

- Aproveita a andaina para conectar os teus sentidos co entorno, particularmente nos lugares sinalados.
- Emprega calzado que agarre ben e que protexa os nocellos.
- Fai uso do bastón para mellorar a túa estabilidade.
- Circula con coidado nos lugares abruptos ou esbaradizos, así como nos tramos con pedras soltas.
- Comeza con ritmo suave ata quecer; logo ritmo regular segundo o/a camiñante.
- Hidrátate ao longo do percorrido, non chegues a sentir sequidade na boca.

CONCELLO DE VIGO



Sendeiros locais de Vigo

SAIÁNS




1 Parque Forestal de Saiáns




Superficie de 23.500 m², enclavada no monte veciñal en man común de “San Xurxo de Saiáns” e destinada a espazo de lecer da cidadanía. Cedido por 30 anos ao Concello de Vigo.

O monte veciñal de Saiáns (49 hectáreas) sitúase na parte sur do macizo montañoso que se estende entre Vigo e Nigrán, facendo do límite do termo municipal. A súa cota máis elevada chega aos 400 m. no extremo oriental.

A Comunidade de montes leva traballando nos últimos anos nun Plan de mellora de especies, substituíndo as de crecements decadentes ou as invasoras (p.ex: acacia) por autóctonas (p.ex: carballo nas fragas e piñeirais en zonas máis altas).




2 Piñeiros do Mundo



Área interpretativa na que se presentan piñeiros de diversos continentes: Europa do Norte, Europa Mediterránea, Centroamérica, Norteamérica e Oriente. Entre as variedades que podemos atopar están: *Pinus canariensis* (Canarias), *Pinus halepensis* (Mediterráneo),

Pinus durangensis (México), *Pinus coulteri* (California), *Pinus caribaea* (Nicaragua, Cuba, etc).

Tamén se poden ollar piñeiros propios destas latitudes: *Pinus pinaster*, *Pinus uncinata*, *Pinus nigra*.



acceso dende Parque Forestal de Saiáns

3 Muíños da Estea



Dende os primeiros asentamentos en Galicia, no neolítico, existen muíños no rego da Estea en Saiáns: son os muíños naviculares, tanto nos poboados –en pedras móbiles– como fixos nas rochas naturais. Ademais de empregarse para moer cereais, tamén se empregaban en prácticas rituais ou en obter pinturas.

Dende a Idade Media ata mediados do século XX proliferaron os muíños de auga que coñecemos. Hai mostras tanto na Estea como, máis adiante, na Fraga Cal de Outeiro aproveitando as augas do rego de Saiáns. Ao longo do percorrido atoparedes paneis con información detallada.

A Comunidade de Montes de Saiáns recuperou algúns destes muíños co obxecto de non esquecer unha parte importante da historia da parroquia.




Muíños Cal de Outeiro



Sendeiros Locais de Vigo

Saiáns



Identificación sendeiro

Contidos recomendados

Continuidade do sendeiro

Coincidencia co GR-53

Camión equivocado

Cambio de dirección



GR-53
 Sendeiro local
 ESCALA 1:250 m